

Verde alfabega.

Hai xente que se muda de casa ao cabo de anos, ou meses, ou ata semanas, pero este non é o caso da señora Esperanza. Esperanza naceu, viviu, casou e quedou viúva na mesma casa de toda a vida. Nesa casa tamén naceu a súa filla, Amanda.

-Que pasou aquí? De onde saíu esa mancha de humidade?- dixo a nai de Amanda- Iso tense que pintar, non pode quedar así.

Amanda intentaba atoparlle algún sentido á mancha, pero non lle suxería ningunha forma en especial. Simplemente unha mancha mal debuxada.

-Necesitaremos rascar a parede e así de paso pintar a cociña, tamén- informou Esperanza.- Que cor che gustaría, filla?

-Non o sei mamá, tería que pensarlo.

As dúas preparáronse para ir durmir, pero antes Esperanza tiña que ir regar as súas plantas aromáticas como cada noite. Hai plantas por toda a casa, dicía Esperanza.

Ao día seguinte, pola mañá, a señora Esperanza preguntou pola veciñanza, e ata ao fruteiro se coñecían algún pintor. Pero ningún soubo nada. Excepto o carnicero que lle ofreceu que escribise un cartel no que puxese:

<< NECESÍTASE PINTOR>> e que el xa o colocaría no aparador.

Meu dito meu feito. Vinte minutos despois de que o carnicero colgara o cartel, alguén picou á porta:

-As manchas de humidade tamén están no corredor, así que terei que pintar aí tamén. De que cor volas pinto?

Nai e filla miráronse sen dicirse nada.

-De que cor a pintamos? Non temos ningunha decidida, de que cor as pintarías ti?

- Eu pintaríaaas de cor verde alfabega, - dixo o pintor.

A Esperanza enchéuselle a cara de alegría ao oír esas palabras.

-A porta de branco macela.

-Perfecto! Unha idea perfecta. Encántanos!

-Entón cando quedamos para que veña a pintar?

-Mañá ás dúas iríache ben?

-Si, claro. Cando a vostede lle vaia ben.

-Mañá ás dúas?

-Eu mañá ás dúas teño que ir á oficina a traballar- murmurou Amanda.

Entón Carlos, o pintor, quedou pensando outra vez e mirouna do mesmo xeito en

que anteriormente mirara a parede: coma se a través dela estivese vendo algunha cousa. E logo despediuse.

-Vese que coñece o seu oficio! - dixo a señora Esperanza cando quedaron soas. E engadiu animada: - Parece serio, honrado e traballador. Verdade? E que gusto que ten escollendo cores! Verde alfabega?

-E branco macela? quedará moi bonito! - dixo Amanda.

Ás dúas en punto da tarde, Carlos, o pintor, chegou cargado de cepillos e pinceis, brochas, diversas latas e unha escaleira, e empezou a pintar a cociña de verde alfabega e despois continuou pintando os cuartos e o salón de azul ceo. Acabou casando coa Amanda! Porque os dous namoráronse, con gran alegría da señora Esperanza de ter un xenro pintor e amante das plantas.

E alí, na casa florecida da rúa Oms, ríndose ata que uns días máis tarde, un día de outono, Amanda anuncio:

-Na rúa "Invitación" véndese unha casa. É un pouco máis grande que esta.

-Tamén debe ser máis cara- dixo a señora Esperanza.

-Non moito, podíamos comprarla. Que pensades?

-A min gústame moito- exclamou Amanda.

-Pero, todo o traballo da mudanza? Non quero nin pensalo.

-A cociña é máis grande- explicou Amanda.

-Xa teño suficiente con esta- dixo Esperanza.

-Só vela, encántame. Te?

-Ten que é mais cara- interrompeu a súa nai.

-Na oficina aumentanme o soldo. Xa mo dixeron- dixo Amanda.- Ten un patio de doce metros cadrados.

-Que dis? Que dixeches?- preguntoulle a súa nai.

-Doce metros cadrados- repetiu Amanda.

En silencio, a señora Esperanza rapidamente fixo contas e pensou:

<< un metro cadrado para as alfabegas, outro para os tulipáns, outro para os rosais, outro para as margaridas?>> e continuou.

En canto chegou ao duodécimo metro cadrado xa tiña máis que decidido que iría vivir á rúa "Invitación".

El así foi como ao mes a señora Esperanza, a súa filla Amanda e o seu xenro Carlos estaban vivindo na casa do patio de doce metros cadrados.